

PROGRAMACIÓN PATIOS

CURSO 2023-2024

CEIP PLURILINGÜE VITE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PATIOS INCLUSIVOS

INTRODUCCIÓN

Polo xeral, un patio de colexio é un lugar ruidoso, nada estruturado, no que non hai cabida para a anticipación dos feitos, prima o contacto físico, as conversacións son rápidas e difíciles de seguir e, xeralmente, ninguén explica como se xoga a un determinado xogo xa que ou se sabe xa ou se aprende sobre a marcha e coa práctica.

Un número importante do alumnado non ten as habilidades sociais apropiadas, teñen dificultades para tomar parte nunha conversa recíproca e para entender moitas das regras non escritas da conduta social, da comunicación e, polo tanto, do xogo. A este alumnado débenselle de dar ferramentas sociais, incluso adestrar no xogo. Hai que estruturar o xogo por medio de apoios visuais e anticipar a que imos xogar. Hai que axudarlles a aceptar o contacto físico ou a medirse e controlar a forza, de ser o caso. Débenselle explicar os xogos con antelación, e a ser posible, xogar nun clima tranquilo, para que aprenda as regras e vexa que é divertido.

Por suposto, as opcións de xogo que se propoñan serán optativas, nunca se obrigará a xogar.

A grandes trazos, o que buscamos é un espazo no que compartir, comunicarse, evitar problemas, solucionarlos, evitar o acoso escolar, inculcar valores como o respecto á diversidade, a igualdade, a non discriminación e promover a resolución pacífica de conflitos. En definitiva, onde convivir e continuar coa labor educativa.

ANÁLISE DA SITUACIÓN

ALUMNADO:

Contamos cunha elevada porcentaxe de alumnado que carece de habilidades sociais para integrarse nun grupo de xogo, xa sexa por algún diagnóstico de “necesidades educativas especiais” ou por outros motivos.

Nos recreos hai diversos conflitos entre o alumnado, o cal repercute negativamente tanto no clima de convivencia do centro como na dinámica xeral das clases, xa que na clase posterior ao recreo se debe destinar un tempo significativo a tratar de solucionar os problemas que xorden no patio.

Dáse lugar a agresións físicas, verbais, ameazas,...

O alumnado maior faise co material e ocupa os espazos que máis lle interesan á maioría do alumnado, deixando a un lado aos máis pequenos, xa que xogan utilizando a forza. (Se se permite o fútbol ocupan a cancha de arriba e se se permite o brilé ocupan o espazo destinado a este xogo).

O espazo de recreo representa para o alumnado con diversidade funcional física e intelectual situacións que dificultan a súa integración (barreiras arquitectónicas, limitacións na súa orientación e mobilidade, dificultades na comunicación,...)

ANEAE (Ver o plan do DO). A grandes trazos, e que poidan ter dificultades no tempo de lecer, contamos con alumnado:

- TEA
- TDAH
- Discapacidade intelectual
- Discapacidade física motora
- Discapacidade visual
- Negativista desafiante
- Atraso madurativo
- Altas capacidades intelectuais
- Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo (con descoñecemento das dúas linguas vehiculares).
- Trastorno específico da aprendizaxe (comprensión)
- Alumnado en situación de vulnerabilidade socio-educativa.
- TEL
- Síndrome Down
- Outros síndromes con discapacidade intelectual asociada.
- Parálise cerebral.
- Diversidade funcional motora.

OBXECTIVOS

Integrar de maneira real ao alumnado nas actividades de lecer, en particular a aqueles que presentan maior dificultade nas habilidades sociais e na comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Ofrecer alternativas de ocio diferentes e orixinais con fins educativos (educar en e para o tempo libre), onde se integre todo o alumnado, en especial aquel que presente calquera tipo de diversidade funcional que lle restrinxa formar parte do grupo.

Potenciar o desenvolvemento de áreas específicas (habilidades sociais, comunicación, motricidade, ...)

Favorecer un clima de entendemento e respecto cara as características persoais do alumnado.

Evitar situacións de acoso escolar.

Organizar e planificar, desde unha visión educativa, o patio escolar deseñando espazos e zonas axeitadas ás necesidades e demandas do noso alumnado dotándoas dos materiais necesarios.

Traballar a educación en valores fomentando a resolución pacífica de conflitos e o diálogo, sen que sexa precisa a intervención do adulto.

Previr o sedentarismo.

Impulsar usos do espazo que non respondan a estereotipos de xénero.

Establecer normas de utilización e coidado dos materiais e as instalacións do patio para garantir a súa conservación e bo uso.

POSTA EN PRÁCTICA DO PROXECTO

Cóntase coa colaboración do claustro de profesores e profesoras. Como xa indicamos hai mestras definitivas dispostas a levar a cabo este proxecto. A participación de toda a comunidade educativa é voluntaria.

Así mesmo, e dada a importancia que os logros poden ter na dinámica e convivencia do centro, cremos convinte darlle a seriedade institucional correspondente presentando o programa ao Consello Escolar, e incluíndoo no Plan de Convivencia, para facer partícipe a toda a comunidade educativa.

TEMPORALIZACIÓN, ESPAZOS E A SÚA ORGANIZACIÓN

Comezamos ofertando diferentes actividades 4 días á semana en primaria e 1 en infantil. Esta oferta pode variar en función da acollida do alumnado.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	Xogos no patio semicuberto, entrada do pavillón ou diante do salón de actos.	Arte e xogos de mesa no hall.	Xogos no patio de infantil.	Baile no pavillón.	xogos/deporte con balón ou implemento na pista de arriba ou no patio cuberto (tenis de mesa)

MATERIAL NECESARIO

- Pictografiar os espazos e os xogos a desenvolver en cada un deles.
- O material específico varía segundo os xogos e os espazos:
 - Zona de xogo. A rá e as fichas, a chave, pelouros, cordas, xices, panos, pelotas,... en función do xogo. Propóranse xogos de fácil comprensión e participación como: xogos de pilla, o escondite inglés, as catro esquinas, as agachadas, os zancos, os birlos, etc.
 - Zona de baile: aparello de música de longo alcance con conexión usb e bluetooth, teas, colchonetas,... dependendo da coreografía.
 - Zona de arte e xogos de mesa: pinturas variadas, folios, globos, auga, papel de diferentes cores e tamaños, lapis, abelorios, gomas, o parchís, o tres en raia, a oca,...
 - Zona de xogo e deporte: balóns, raquetas, mesas, palas e pelotas de tenis de mesa,...
 - Zona de infantil: cordas, aparello de música, aros, pelotas,...

RECURSOS HUMANOS

- Equipo dinamizador de patio. Forma parte o profesorado implicado.
 - Anaí
 - Lorraine
 - Miguelanxo
 - María Jesús
 - Estefanía en substitución de Loli
 - Carmen María Lojo Abeijón (coordinadora)

- Alumnado. Ao longo do curso invitaremos ao alumnado que queira participar a ser os **“capitáns do xogo”**. Con isto o que buscamos é que sexan os propios nenos e nenas os que lles ensinen a xogar aos seus iguais e se recupere de forma natural este tipo de aprendizaxe, á par que favorecemos o desenvolvemento a nivel social e emocional, xa que serán capaces de observar que compañeiros/os se quedan soíñas/os e os poden convidar a participar no xogo.

A participación nestas actividades será sempre voluntaria, isto non quita de que ao alumnado con menos habilidades sociais ou con NEAE alguén lles ofrezca participar (a titora, alguén do departamento de orientación, algún compañeiro/a mediador, a docente encargada da zona de xogo,...)

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Para avaliar a eficacia do proxecto, as docentes implicadas manteremos reunións periódicas e, realizarase unha avaliación trimestral na que se valorará a súa eficacia da seguinte forma:

O proxecto está tendo unha boa acollida?	Si / non
Conseguiuse que o alumnado goce máis do tempo de lecer.	
Ofrecéronse suficientes alternativas de ocio e actividades/deportes ao aire libre desde un enfoque educativo?	
Reducíronse o número de conflitos e abusos de poder dos maiores resolvéndose os mesmos de forma pacífica e dialogada?	
As zonas, actividades, xogos e materiais presentados responden ás necesidades e demandas do alumnado?	
Foron axeitadas as normas de uso e coidado dos materiais e instalacións para garantir a súa conservación e uso?	
Eficacia da zona de xogo.	Nada, pouco, bastante, moito
Propostas de mellora:	
Eficacia da zona de baile.	Nada, pouco, bastante, moito
Propostas de mellora:	
Eficacia da zona predeportiva.	Nada, pouco, bastante, moito
Propostas de mellora:	
Eficacia da zona de arte e xogos de mesa.	Nada, pouco, bastante, moito
Propostas de mellora:	
Eficacia da zona de infantil	Nada, pouco, bastante, moito
Propostas de mellora:	

Santiago de Compostela, a 26 de setembro de 2023.

Asdo.: Carmen M^a Lojo Abeijón